Teorías sobre a percepción. A Gestalt

Leis de percepción

- A partir deste experimento os psicólogos Wolfgang Köhler, Kurt Koffka e Kurt Lewin (pai da psicoloxía social) comezaron a estudar as leis que rexían estas totalidades organizadas que son máis que a suma das partes e que se rixen por leis fixas. Son as chamadas *leis de percepción*.
- Segundo a *Gestalt* estas leis son innatas.



Kurt Koffka




Kurt Lewin

A teoría da Gestalt




Relaciona lámina e lei da *Gestalt*






PETER
AND THE
WOLF

SUZIE TEMPLETON | BREAKTHRU FILMS | SERGEI PROKOFIEV














21st june, happiest day of 2013










Teorías sobre a percepción. A *Gestalt*

1. Proximidade
2. Figura - fondo
3. Peche
4. Destino común
5. Semellanza
6. Peche
7. Continuidade
8. Pregnancia
9. Proximidade
10. Continuidade
11. Experiencia

Teorías sobre a percepción. A Gestalt

- **Lei do contraste fondo - figura**



- Esta lei afirma que percibimos sempre figuras sobre fondos, pero non só no que ten que ver cos estímulos visuais, senón tamén cos sons ou cos ulidos.
- O fondo é menos perceptible que a figura que destaca sobre el.
- Isto pode dar lugar a efectos de reversibilidade entre fondo e figura dependendo do observador.
- Non é posible percibir fondo e forma á vez.



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei de proximidade



- Tendemos a integrar como formando parte do mesmo obxecto estímulos próximos entre sí. É dicir, establece que os obxectos que están próximos entre si tenden a ser percibidos como un grupo ou conxunto, mesmo se non están conectados fisicamente. A nosa mente organiza automaticamente a información visual agrupando os elementos que están preto uns doutros, axudándonos a simplificar e comprender mellor o que vemos.



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei de semellanza


- Tendemos a integrar como formando parte do **mesmo obxecto** estímulos **semellantes** (forma, cor, textura, etc.) entre sí



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei de peche

- Tendemos a completar figuras cando os estímulos están próximos entre sí.




Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei de continuidade

- Percíbense xuntos os estímulos que gardan unha continuidade.





21st june, happiest day of 2013



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei do destino común


- Aínda que existan diferenzas percibimos un conxunto de figuras ao relacionalas a través do seu movemento ou destino común



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei de **pregnancia** (*pragnanz*) ou **da boa forma**

- Artellamos as figuras da forma máis completa, simétrica e sinxela posible polo que percibimos primeiro as formas xeométricas simples (triángulos, cadrados, círculos, etc.).
- Esta percepción sinxela axuda a **reducir os elementos distorsionadores e a percibir de xeito coherente e unificado**



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos

Lei da primacia

- Percibimos o todo antes que as partes.



Teorías sobre a percepción. A Gestalt. Leis de agrupación de estímulos


Lei da experiencia

- A percepción dun obxecto ten en conta os datos previos das experiencias pasadas e os coñecementos



Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva


- Entende a **percepción como un proceso incluído dentro dun campo máis amplo: a cognición**.
- Deste xeito a percepción estaría vinculado con outros procesos mentais como a toma de decisións ou a memoria (o suxeito **constrúe a percepción** anticipando **esquemas adquiridos pola experiencia e memorizados**).
- É dicir, **percepción conleva interpretación**.



Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Ulric Neisser

A **percepción é un proceso activo, continuo e cíclico**, no que o suxeito explora o entorno guiado por esquemas mentales.

- **Non recibimos pasivamente estímulos**, senón que **buscamos información que é interpretada e axustada continuamente**.



Ulric Neisser

Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Procesamiento *top - down*

Outro concepto importante no cognitivismo é o chamado **procesamento *top-down***:

A información vai “de arriba a abaixo”: desde a mente (coñecementos, expectativas, esquemas) hacia a interpretación dos estímulos sensoriais.

É dicir:

- Non partimos só do que entra polos sentidos.
- **O que xa sabemos inflúe no que vemos.**

Sgeun etsniduos mhcou elne eatas paalbras auqne etsén dsreodandas.

Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva.

Ulric Neisser

- Un concepto clave en Neisser é o de **esquema**. Os esquemas son **estruturas mentais previas obtidas mediante a experiencia e que organizan a nosa percepción**.
- O **ciclo perceptivo** según Neisser é o seguinte:
 1. O suxeito posúe **esquemas** obtidos pola experiencia previamente.
 2. Comeza a súa **exploración** do entorno buscando información relevante mediante a **atención**.
 3. A información obtida pode **confirmar / modificar** os **esquemas previos**.



Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Ulric Neisser

- Neisser di que **non percibimos todo** senón que a **nosa percepción está limitada pola nosa atención.**




Atención - concentración

<https://youtu.be/E-Bv9bLDhF8?si=CowO2ub27B3ogo31>

Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Jerome Bruner

Jerome Bruner

- A **percepción** funciona mediante **hipóteses perceptivas**
- O cerebro anticipa/supón o que vai percibir.
- **Expectativas** (baseadas -sobre todo- na experiencia previa), **contexto, cultura, motivacións guían a interpretación do estímulo** (non é unha interpretación pura)
- As expectativas **non son conscientes**, senón que **actúan de xeito automático**.



Jerome Bruner

Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Jerome Bruner




Experimento de Bruner & Postman

https://youtu.be/DUPa0ws51Z0?si=4TeficJh5KDpK4U_

Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Jerome Bruner

- No experimento de Bruner e Postman as **experiencias previas do suxeito condicionan as súas expectativas e, polo tanto, a súa interpretación do percibido.**
- As persoas que nunca xogaran as cartas, contestaban correctamente xa que non posuían unha experiencia previa que condicionase a súa interpretación do percibido.




Leo Postman




Teorías sobre a percepción. Teoría cognitiva. Jerome Bruner

- Outro experimento notable foi de **Bruner e Goodman e as moedas**. Dous grupos de nenos (un de familias ricas e outras pobres) se lles pedía que estimasen o tamaño das moedas.
- **Os nenos de familias pobres tendían a sobreestimar o tamaño** (e iconscientemente a importancia) **das moedas** (especialmente as de máis valor), mentres que os de familia rica non sobreestimaban tanto o seu tamaño. Isto demostrou que a nosa percepción tamén está condicionada polas nosas necesidades e contorna.




Teorías sobre a percepción. Teoría innatista. Immanuel Kant

- Según Kant existen **estructuras mentais innatas** que sirven para **organizar a nosa experiencia**.
- Isto implica que **non podemos percibir a realidade tal e como é**.



Individuo (suxeito)



Immanuel Kant

Teorías sobre a percepción. Teoría innatista. Immanuel Kant

Se posuímos estruturas innatas, iso quere dicir que **os bebés perciben o entorno de xeito organizado?**



Teorías sobre a percepción. Teoría innatista. Experimento de Fantz.


- **Robert Fantz** estudou en 1961 as **preferencias visuais dos bebés**.
- Utilizou un berce cun dosel, onde os bebés miraban cara arriba a **dúas imaxes presentadas simultaneamente**, unha á beira da outra. **A cantidade de tempo que o bebé pasaba mirando cada imaxe revelaba a súa preferencia**.
- Mostrou aos bebés imaxes de:
 - Rostros humanos (ordenados e desordenados).
 - Patróns xeométricos (como un círculo cun punto).
 - Formas uniformes (como un cadrado gris).



Teorías sobre a percepción. Teoría innatista. Experimento de Fantz.

Resultados:

- Os bebés miraban **máis tempo os patróns** (como os cadros) que as superficies uniformes.
- Tamén miraban mais os **contrastos** (luz - obscuridade , branco e negro, etc.)
- Preferían os **debuxos de rostros ordenados** ás caras desordenadas, **suxerindo unha predisposición biolóxica cara a eles.**
- Os **bebés perciben activamente** e **discriminan** entre **estímulos visuais** desde moi cedo, existindo unha **predisposición innata a procesar información visual relevante**, especialmente os **rostros**.



Teorías sobre a percepción. Teoría innatista.
Experimento de Fantz.



Experimento de Fantz

<https://www.youtube.com/watch?v=GK3ebhSmC4A>

Teorías sobre a percepción. Teoría ecolóxica da percepción. Gibson.


- A **percepción é directa e activa e non precisamos de inferencias complexas**. É algo **innato e evolutivo**.
- O propio **entorno ofrece información suficiente**.
- Desenvolveu o concepto de ***affordances* (oportunidades de acción)**: **Os obxectos nos ofrecen posibilidades de interacción**. Por exemplo: unha cadeira ofrece a posibiliade de sentarse. Isto é aproveitado polo ser humano na súa interacción co entorno.
- As **invariantes** son **propiedades constantes dos obxectos** nas transformacións do fluxo visual / óptico no movemento (como a textura do chan) que nos **permiten concibir o mundo como estable a pesar do noso movemento**.



Eleanor Gibson (1910-2002)

Teorías sobre a percepción. Teoría ecolóxica da percepción. Gibson.


- Para Gibson a **percepción é indisociable da acción, o movemento e a detección de affordances**
- Experimentos:
 - **“The visual cliff” (“o precipicio visual”)**. Os bebés evitaban pasar pola parte soa de cristal, aínda que fose seguro, demostrando que xa desde temprana idade posuímos **percepción da profundidade** e como a nosa **percepción vai acompañada da acción** (neste caso evitar continuar). Estudos recentes demostran que os bebés, **dependendo da comunicación non verbal dos pais**, poden superar mellor ese medo a cruzar.



“O precipicio visual” (Gibson)

Teorías sobre a percepción. Teoría ecolóxica da percepción. Gibson.


- O **experimento do fluxo óptico** intentaba demostrar que o **movemento do entorno** ofrece **información directa sobre a dirección e velocidade, condicionando nosas accións sin ningún tipo de inferencia** (de maneira directa).
- A día de hoxe se utiliza en estudos de conducción e pilotaxe.



“Fluxo óptico dun dron”
“Entorno e conducción autónoma”

Teorías sobre a percepción. Enfoque neuro-psicológico.

- Estuda **como o cerebro procesa a información sensorial**, qué **áreas cerebrais interveñen** e **que ocorre cando algunha delas se dana**.
- Este enfoque intenta **relacionar** os esquemas perceptivos da **Gestalt en termos de agrupacións neurais estables**. É dicir a experiencia e a aprendizaxe consolidan patróns neurais e conxuntos celulares que permiten a integración de novas percepcións, facendo posible a plasticidade do pensamento.



“Neglixencia espacial unilateral”

Nesgos cognitivos e *Chat GPT*



“Nesgos cognitivos e *Chat GPT*”

Memoria: Atención e concentración

- A **atención** é o **filtro** que lle permite ao noso cerebro distinguir entre diferentes estímulos ambientais e elixir cal debe ser máis relevante (do contrario, sería un caos sensitivo).
- Sen atención non pode haber percepción, nin memoria, nin aprendizaxe nin razoamento



Memoria: Atención e concentración

**Factores
determinantes da
atención**

```
graph LR; A[Factores determinantes da atención] --> B[Obxectivos ou esóxenos (intensidade do estímulo, tamaño, etc. Ex: luces intensas)]; A --> C[Subxectivos ou endóxenos (interese do suxeito, motivacións, emocións inducidas polo estímulo, etc. Ex: a túa canción favorita)];
```

Obxectivos ou esóxenos (intensidade do estímulo, tamaño, etc. Ex: luces intensas)

Subxectivos ou endóxenos (interese do suxeito, motivacións, emocións inducidas polo estímulo, etc. Ex: a túa canción favorita)

Memoria: Atención e concentración. Tipos de atención.

Tipos de atención



```
graph LR; A[Tipos de atención] --> B[Involuntaria (pasiva)]; A --> C[Voluntaria (activa)]; A --> D[Aberta]; A --> E[Encuberta];
```

Involuntaria (pasiva): O estímulo -polas súas características- forza involuntariamente a atención do suxeito. Ex: Unha alarma. Non require esforzo.

Voluntaria (activa): É a exercida de xeito voluntario

Aberta: É cando o individuo manifesta actividades motoras relacionadas coa atención. Por exemplo: Mirar a pizarra cando o mestre escribe algo.

Encuberta: É cando o individuo non amosa ningunha actividade perceptible pero sí está prestando atención. Por exemplo: Mirar aos apuntes pero coa atención fixa na canción que soa pola radio.

Memoria: Atención e concentración

- A **capacidade de atención sofre cambios ao longo da vida:**
 - 0 - 2 anos: 7 minutos
 - 6 - 7: 12 - 45 minutos aproximadamente.
 - 10: 20 - 50 minutos

O promedio adulto sitúase nos 60 minutos, aínda que estes valores están moi **discutidos** e adóitanse tomar como **orientativos**.



Memoria: Atención e concentración. Niveis de atención.

- Para establecer os **niveis de atención** se atende as **diferentes función que a atención realiza sobre os contidos das percepción.**
- **Cada nivel atencional é máis complexo** (e -en consecuencia máis esforzo, control e recursos) **require do funcionamento correcto do anterior.**




Memoria: Atención e concentración. Problemas de atención.

- En xeral, os problemas nos niveis de atención teñen as seguintes consecuencias:



Memoria: Atención e concentración. Problemas de atención.

- **Síndrome de negligencia:** Incapacidade do paciente para orientarse ou responder cara a estímulos despois dunha lesión cerebral.
- **TDAH** (Trastorno por déficit de atención e hiperactividade): O seu estudo é moi recente polo que as súas causas non están determinadas de todo. O TDAH non é un problema de atención, senón de **control e regulación da atención.**



Memoria: Atención e concentración. Problemas de atención.TDAH.

- **Dificultades de atención (inatención):** Non é que “non presten atención”, senón que lles custa regulala. Características frecuentes:
 - Dificultade para manter a atención en tarefas longas ou pouco motivadoras.
 - Distracción fácil por estímulos irrelevantes.
 - Parece que non escoita cando se lle fala directamente.
 - Problemas para organizar tarefas e materiais. Evita ou atrasa tarefas que requiren esforzo mental sostido.
 - Poden hiperconcentrarse en actividades moi motivantes (videoxogos, intereses específicos).

Memoria: Atención e concentración.

Problemas de atención.TDAH.

- **Hiperactividade** Más visible na infancia; pode diminuír coa idade. Características típicas:
 - Inquietude motora (mover mans, pés, balancearse).
 - Dificultade para permanecer sentado.
- **Impulsividade** Dificultade para frear respostas automáticas. Características frecuentes:
 - Contesta antes de que terminen a pregunta.
 - Interrompe conversacións ou actividades.
 - Dificultade para esperar quendas.
 - Toma decisións rápidas sen valorar consecuencias.

Memoria: Atención e concentración. Problemas de atención.TDAH.

- **Dificultades en funcións executivas:**

- Problemas de planificación.
- Xestión deficiente do tempo.
- Dificultade para iniciar tarefas.
- Problemas para manter metas a medio prazo. Baixa tolerancia á frustración.

- **Regulación emocional:**


- Cambios emocionais intensos e rápidos.
- Reaccións desproporcionadas.
- Dificultade para acougar-se.
- Sensibilidade elevada á crítica

<https://www.psychologytoday.com/es/test/salud/test-de-tdah/resultados>

Memoria: Atención e concentración

Evidencia científica: ¿cómo y cuánto afecta el móvil a la atención?

- - **Ward et al.** (2017, University of Texas, *Journal of the Association for Consumer Research*)
Demostraron que **simplemente tener o móvil á vista**, aínda que non se use, **reduce significativamente a capacidade de atención sostenida e a memoria de traballo**. Este fenómeno se coñece como “*brain drain*” ou **drenaxe cognitiva**, na que a mera presenza do dispositivo desvía parte dos recursos cognitivos hacia **a supresión do impulso de miralo**.
- - **Kushlev et al.** (2016, University of British Columbia, *Computers in Human Behavior*)
Compararon a persoas que recibían notificacións sen restriccións fronte a quen as tiñan limitadas. Os primeiros mostraron máis dificultades para concentrarse e maiores niveis de estrés atencional.
- Estas evidencias indican que non fai falta un uso intensivo para que o móvil impacte: basta a súa presenza constante e a exposición frecuente a notificacións.



<https://bvgpsicologia.com/el-impacto-del-movil-en-la-atencion-lo-que-revela-la-neurociencia/?cn-reloaded=1>

Memoria: Atención e concentración

Por que é tan adictivo?

Sistema de recompensa e dopamina

- Cada notificación, “me gusta” ou mensaxe funciona como un reforzo intermitente, **disparando os picos de dopamina**. Como resultado: a atención se fragmenta, xa que o sistema de recompensa **prioriza estímulos inmediatos frente a tarefas prolongadas** sen retroalimentación constante.



Memoria: Atención e concentración

Duración do uso e deterioro cognitivo

- Períodos de **máis de 60-90 minutos de exposición ininterrumpida** a móbiles e redes sociais xa producen descensos significativos no control executivo (planificación, toma de decisións, etc.).
- O **tipo de contido** (vídeos cortos vs. lectura larga), **número de notificacións diarias e multitarefa dixital inflúen** na magnitude do deterioro.
- A ciencia todavía non estableceu un “*limiar tóxico*” sobre o número de horas de uso, pero **a partir das catro horas diarias** se considera que pode producir problemas de atención e sono serios (e rendemento escolar consecuente)



Memoria: Atención e concentración

Recuperación das nosas capacidades

- **Reducir** de forma drástica o uso do móbil durante **unha semana** mellora a capacidade de concentración e aumenta a sensación de control. Períodos máis longos (2-4 semanas) amosan efectos máis robustos na restauración de funcións atencionais.
- O **cerebro é plástico e pode recuperar capacidades atencionais**, pero require períodos de “desintoxicación digital” proporcionais ao nivel de sobreuso previo.



Memoria: Atención e concentración


Que pasa cando non lle prestamos atención aos nos@s fill@s?



“Síndrome de carencia afectiva”

Memoria: Atención e concentración

- É o outro mecanismo imprescindible na nosa percepción e interacción co entorno.
- É a capacidade de almacenar e recuperar a información.
- Sen memoria:
 - **Non recoñeceríamos os esquemas perceptivos** (estructuras mentais organizadas que utilizamos para interpretar rápidamente a información sensorial) xa creados.
 - **Non poderíamos elaborar plans e ideas.**



Sen memoria sería imposible una conducta intelixente

Memoria

- A memoria se compón por un **conxunto de redes e circuitos espallados ao longo das estruturas cerebrais.**
- Isto provoca que:
 - **Non exista un só tipo de memoria**, senón que hai moitos como a olfactiva, visual, lóxica, etc.
 - **Non exista un só lugar para o almacenamento de recordos**



Memoria. Falsos mitos


- **“A memoria fotográfica existe”**. Non exactamente, porque a memoria non garda toda a información e o cerebro enche os ocos como pode a o intentar recuperal. Algunhas persoas teñen máis capacidade nesta reconstrucción da información, pero non reproducen 100% a información visual gardada.



“Memoria eidética”
“Stephen Wiltshire”



Memoria. Procesos básicos



Codificación

- Transformación dos estímulos nunha imaxe mental
- A atención é clave neste paso xa que é a que selecciona os estímulos que van a integrar a nosa imaxe mental.



Almacenamento

- É o proceso de retención de datos para a súa utilización posterior.
- Estes se organizan mediante esquemas que reúnen conceptos, categorías e relacións.



Recuperación

- É a forma na que as persoas accedemos aos nosos recordos.
- Se produce mediante a activación deses recordos mediante conceptos, sensacións, relacións ,etc.

El casco pensante de Kant

¡Le toca a Ud., señor!

Estoy pensando...

Los Límites del Conocimiento

Ya nos ocupamos de las bolas de billar de Hume; pasemos ahora a la piedra de Berkeley. La existencia de la piedra no le planteaba ningún problema a Kant: "La mera conciencia de mi propia existencia demuestra la existencia de los objetos en el espacio que me rodea". Pero fijó límites al conocimiento, distinguiendo entre la **aparencia** (el mundo de los fenómenos) y la **realidad** (el mundo de los noumenos), ideas incognoscibles, y afirmando que la misteriosa sustancia de la piedra, lo que él llamó su "ding-an-sich" ("cosa-en-sí"), era incognoscible. La tentativa de ir más allá del mundo fenoménico, de aplicar los conceptos fuera de los límites establecidos por su aplicación empírica, origina inevitablemente paradojas, falacias y contradicciones efectivas.


Kant sostuvo que los argumentos metafísicos tradicionales sobre el alma, la inmortalidad, Dios y el libre albedrío desbordaban los límites de la razón. Este sólo encontraba empleo legítimo en la esfera práctica, en el conocimiento del mundo.

Una vez que supuso resuelto ya el problema fundamental de los fundamentos del conocimiento, en su segunda Crítica, así como en los fundamentos de una metafísica de la moral, Kant quiso establecer el papel que cumple la razón en la ética.

208

209


Memoria. Tipos de memoria.



Memoria. Tipos de memoria.

Memoria Sensorial:

- É a que rexistra as sensacións que chegan ao cerebro.
- É moi breve e baséase fundamentalmente en imaxes e sons (aínda que agora se pensa que pode existir unha memoria sensorial para cada sentido)
- Función: Transferir á *Memoria a Curto Prazo* (MCP), a información recibida.



Memoria. Tipos de memoria.

Memoria a Curto Prazo (MCP):

- Parte da información sensorial e **procesa os datos para responder de xeito consciente mediante a conduta.**
- É limitada e pode abarcar ata series de ítems de 30 segundos.
- A información se **codifica** en base a:
 - Información visual
 - Información acústica
 - Signos semánticos (un abrazo o apretón de manos o código *braille*)



Memoria. Tipos de memoria.

Memoria a Longo Prazo (MLP):

- É onde se garda a información por **tempo indefinido**.
- A súa capacidade é **ilimitada**, sen embargo as lembranzas se almacenan en **función da relevancia e significado**



Memoria. Tipos de memoria. *Memoria a Longo Prazo.*

➤ A información pode ser:

➤ **Semántica:** Cando o material almacenado é verbal. Exemplo: Imaxina unha conversación na que te contan:

“Meu can saltou ou meu valado, foi visitar ao veciño e apareceu no veterinario”.





Significado = O can escapou → Almacenaxe na MLP

É dicir, non lembramos cada palabra estrictamente, senón o seu significado.

➤ **Visual:** Cando o memorizado son figuras, imaxes, gráficos, etc.

Memoria. Tipos de memoria. *Memoria a Longo Prazo.*

Subtipos de MLP:

- **Declarativa:** É o almacenamento de información sobre coñecementos, feitos ou acontecementos (recordar propiedades dun obxecto, aniversario ou datas concretas, etc.) 
- **Procedemental / Motora:** É o mecanismo polo que almacenamos habilidades e destrezas que realizamos de xeito automático ou voluntario (ex: montar en bici). 
- **Episódica:** Formada polos sucesos ou episodios que nos ocorren. Xeralmente, se almacenan xunto con datos sensoriais que completan e organizan a información (como o primeiro bico ou cando nos rompemos algo). 
- **Semántica:** Formada polos conceptos e razoamentos, almacena palabras e as asocia aos seus significados e recuperar e aplicar as regras gramaticais, por exemplo. 

Memoria. Elizabeth Loftus

**Pero, é a nosa memoria
inalterable como un disco duro?,
son as nosas lembranzas tan
verdadeiras como cremos ?**



Memoria. Elizabeth Loftus

- Elizabeth Loftus é unha das **psicólogas** máis recoñecidas no campo da **memoria e da percepción**, especialmente pola súa **investigación sobre a memoria falsa e a maneira en que a memoria humana pode ser modificada ou distorsionada**.
- O seu traballo cambiou a nosa comprensión de **como funciona a memoria e as súas implicacións para o sistema xudicial**, en especial cando se trata de testemuños de testigos.



“Entrevista a Elizabeth Loftus”

Memoria. Elizabeth Loftus. O caso de Steve Titus.

<https://www.youtube.com/watch?v=PB2Oegl6wvI>

- Una vítima de violación **inicialmente** recoñeceu a Steve Titus como **o máis parecido ao seu agresor**. Titus foi procesado por violación.
- Pouco tempo **máis tarde**, durante o xuízo, a vítima **afirmou** categóricamente que **Titus era o seu agresor**. Titus foi condeado por violación, aínda que -tempo máis tarde- se demostrou (gracias a un xornalista co que contactou Titus) que era inocente e foi liberado
- Este cambio de opinión provocou a curiosidade de Loftus. **Que cambiou na vítima que xustificara este cambio de opinión?**



Steve Titus
(1949 - 1985)



Memoria. Elizabeth Loftus. O caso de Steve Titus.

- Loftus concluiu que **a nosa memoria non é estática**, senón que é dinámica, como unha páxina da *Wikipedia*. A medida que o xuízo se desenvolvía **a memoria da vítima foi alterada** de tal xeito que a inicial postura de dúbida, acabou cunha de certeza, condeando ao home equivocado.
- Esta alteración produciu o que se chama unha **fabulación** (relatos minuciosos de eventos que din que viviron. pero que non se corresponden coa realidade. É propio de persoas con demencia, histeria, alcoholismo ou eventos traumáticos como as violacións). Se pensa que son resultado da necesidade de encher ocos na memoria.
- A memoria de testemuñas pode ser influenciada mediante **preguntas suxerentes ou capciosas**.



Memoria. Elizabeth Loftus

Experimento das *imaxes implantadas*

- Obxectivo: **investigar se os recordos poden ser alterados non só con palabras, senón tamén con imaxes falsas.**
- Procedemento: Pedíuse aos participantes que lembrasen eventos da súa infancia, e logo mostráuselles unha **foto manipulada dixitalmente dun evento falso** (como unha foto deles nunha situación que nunca sucedeu).
- Resultado: **Os participantes empezaron a crer que ese falso evento ocorrera na súa infancia, e mesmo o detallaban máis conforme pasaba o tempo.** A maioría dos participantes convencéronse de que viviran esa situación, a pesar de ser completamente inventada.




Memoria. O efecto *Mandela*.

- O fenómeno polo que recordamos cousas que nunca ocorreron chámase *Efecto Mandela*



“Efecto Mandela”



Nelson Mandela
(1918 - 2013)



Escena de 1984 (Radford, 1984)

Memoria. Elizabeth Loftus. Experimentos



“Experimento de Loftus & Palmer (1974)”


As causas do esquecemento

- Pese a que a capacidade da *MLP* é ilimitada, a mente xestiona os recordos intentando manter a estrutura da memoria o máis útil e accesible posible.
- **Esquecer** é o **proceso involuntario** polo cal a nosa mente **elimina información** almacenada por:
 - **Redundante**
 - **Accesoria**
 - **Pouco útil**



Teorías sobre as causas do esquecemento

- **Teoría do desuso:** Os recordos non utilizados tenden a esvaecerse co tempo.
- **Teoría da Interferencia:** Os novos recordos construídos sobre os antigos, deforman os vellos ata facelos desaparecer.
- **Teoría motivacional:** Esquecemos aqueles sucesos ou aprendizaxes que nos resultan desagradables ou emocionalmente negativos.



Alteracións da memoria

- A memoria pode verse alterada por **problemas en algún dos procesos básicos da memoria.**
- As razóns poden ser:
 - Fisiolóxicas
 - Neurolóxicas
 - Psicolóxicas
 - Particulares: Alcoholismo, traumatismos, lesións...

PROCESOS BÁSICOS DE LA MEMORIA

CODIFICACIÓN

Es la transformación de los estímulos en una representación mental. En esta fase es muy importante la atención y la intensidad con que se procesan los estímulos.



ALMACENAMIENTO

Consiste en retener los datos en la memoria para utilizarlos posteriormente. La organización de la información se realiza mediante esquemas, unidades estructuradas de conocimiento que reúnen conceptos, categorías y relaciones, formando conjuntos de conocimientos.



RECUPERACIÓN

Es la forma en que las personas acceden a la información almacenada en su memoria.



Alteracións da memoria

Fallos na fixación / almacenamento:

- Provocan que **non se produzan os recordos**, é dicir, é incapaz de recordar, o que se coñece como **amnesia**.
- Tipos de amnesia por problemas de almacenamento:
 - **Amnesia Anterógrada**: O individuo é incapaz de xerar novos recordos de xeito permanente, e a súa memoria se reduce aos pasados (típica do *síndrome de Korsakoff*).
 - **Amnesia Lacunar**: O individuo é incapaz de xerar novos recordos por un período de tempo.
 - **Amnesia Parcial**: O individuo é incapaz de xerar certos tipos de recordos.

Tanto a *lacunar* como a *parcial* se relaciona frecuentemente coa *psicose* por tóxicos ou *ataques de epilepsia*.

Alteracións da memoria

Fallos / problemas na evocación

- É a **incapacidade ou dificultade para acceder a recordos pasados.**
- Se xa estaban fixados falamos de ***Amnesia Retrógrada***.
- Se é unha diminución na capacidade de recordar falamos de ***Hipomnesia*** (relacionada cos cadros depresivos que tamén afectan á atención e a concentración, e a rumiación)



Alteracións da memoria

Funcións anormais ou disfuncións na fixación / evocación:

- **Hipermnesia:** Cando o individuo sofre un aumento da cantidade e calidade da fixación / evocación de recordos.
- **Ecmnesia:** Aumento da capacidade de evocación no momento da morte no que o suxeito é quen de revivir nun instante longos periodos da súa vida coma se fose unha película.



Alteracións da memoria


Funcións anormais ou disfuncións na fixación / evocación:

- As veces, deformamos os nosos recordos, de forma que acontecementos presentes os **interpretamos como se xa ocorriran** son os chamados *deja vú*.
- O contrario son os *jamaís vú*, na que o individuo **percibe situacións que xa vivirá con anterioridade como novas.**

Paramnesias

(típicas nos delirios ou na esquizofrenia)

Alteracións da memoria



Brenda Milner
(1918 -)



“O home sen memoria: Henry Molaison”

Alteracións da memoria



“Clive Wearing: 7 segundos de memoria”